A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

De conformidade co Informe de intervención de data 14/05/2024 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.

Si tomamos en consideración a facturación do Servizo durante o exercizo de 2023, resulta que o importe do mesmo ascendería a 315.844,50 €. Os recursos ordinarios do orzamento do exercicio 2022 prorrogado para o 2024, ascenden a 2.701.464,84€, polo que o 10% serían 270.146,48€, excedendo por tanto a contía sinalada na Disposición adicional 2ª da Lei de contratos do sector público en canto ao límite para a competencia como órgano de contratación da Alcaldía, correspondendo por tanto ao Pleno da Corporación.

2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.

3.- Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 14/05/2024.

Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/2024/337	11/03/2024	01 19	26/02/2024	4985,75	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIÒN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2024. LIBRE CONCURRENCIA	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	18/03/2024
F/2024/338	11/03/2024	01 18	26/02/2024	27296,37	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIÒN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. XANEIRO 2024.	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	18/03/2024
F/2024/362	19/03/2024	01 33	18/03/2024	5082	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIÒN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS LIBRE CONCURRENCIA	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	09/04/2024
F/2024/363	19/03/2024	01 32	18/03/2024	25871,66	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIÒN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. FEBREIRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	09/04/2024
F/2024/515	22/04/2024	01 61	22/04/2024	4687,38	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIÒN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MARZO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	30/04/2024
F/2024/516	22/04/2024	01 60	22/04/2024	24208,55	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIÒN SERVIZO AXUDA NO FOGAR	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	30/04/2024

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

								DEPENDENCIA. MARZO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS E		
--	--	--	--	--	--	--	--	---	--	--

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.”

Os integrantes do BNG e do Grupo Mixto maniféstanse en similares téminos que no punto anterior.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifesta que tódolos concellos están na mesma situación e explica que xa deu orden aos servizos sociais para a redacción dos pregos.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer extraxudicialmente as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Aplic.	Fecha Conformada
F/ 2024/337	11/03/2024	01 19	26/02/2024	4985,75	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2024. LIBRE CONCURRENCIA	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	18/03/2024
F/ 2024/338	11/03/2024	01 18	26/02/2024	27296,37	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. XANEIRO 2024. DEPENDENCIA.	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	18/03/2024
F/ 2024/362	19/03/2024	01 33	18/03/2024	5082	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS LIBRE CONCURRENCIA	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	09/04/2024
F/ 2024/363	19/03/2024	01 32	18/03/2024	25871,66	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. FEBREIRO 2024	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	09/04/2024
F/ 2024/515	22/04/2024	01 61	22/04/2024	4687,38	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL.	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	30/04/2024

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

								MARZO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS		
F/ 2024/516	22/04/2024	01 60	22/04/2024	24208,55	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACION SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MARZO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS E	2024 231 22799 2024/3/SSSAD	30/04/2024

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

5. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. Expte. núm. 2024/G013/000005.

Dase lectura da seguinte proposta:

“En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello considera oportuno e necesario modificar a Ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, debido entre outras causas, aos cambios que se produciron ao entrar en vigor a lei de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que incorpora procedementos novos na administración local, como as comunicacións previas, que foron incorporados posteriormente pola lei do Solo.

Tamén é necesario introducir novas tarifas por actuacións administrativas procedentes da oficina de urbanismo que non se recollían na anterior ordenanza, e que hoxe producen unha gran carga de traballo na mesma e nas oficinas xerais. Tamén se introducen novas tarifas por dereitos de exame o por expedición de copias de documentos administrativos. Por último, hai que ter en conta que xa pasaron dezanove anos dende a última modificación da ordenanza, polo que é necesario actualizar algúns prezos da tarifa, así como rebaixar a da certificación urbanística para normalizar os procedementos.

Visto o exposto anteriormente, e considerando que non se impoñen obrigas relevantes e non existe un impacto significativo na actividade económica, propónse que o artigo 7 da Ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, quede coa seguinte redacción:

Artigo 7.- Tarifas.

Epígrafe 1. Certificados e informes:

1.1.- Certificacións de resolucións ou acordos municipais:

1.1.1.- Relativas ao último trienio: 4,00 euros.

1.1.2.- Anteriores ao último trienio: 8,00 euros.

1.1.3.- Anteriores a 1 de xaneiro de 1996: 10,00 euros

1.2.- Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais: 25,00 euros.

1.3.- Certificados ou volantes de empadramento:

1.3.1.- Anteriores a 01/05/1996: 3,00 euros.

1.3.2.- Posteriores a 01/05/1996: 2,00 euros.

1.4.- Informes de convivencia ou residencia: 1,00 euros.

1.5.- Outros informes ou certificados sen necesidade de informe técnico: 3,00 euros.

Epígrafe 2. Documentos e expedientes relativos a servizos de urbanismo:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- 2.1.- Por tramitación de expediente de declaración de ruína: 120,00 euros.
- 2.2.- Certificacións ou informes de cualificación ou clasificación urbanística: 30,00 euros.
- 2.3.- Por tramitación de expediente de actos de uso do solo ou subsolo suxeito a licencia: 20,00 euros.
- 2.4.- Por tramitación de expediente suxeitos a intervención municipal de comunicación previa: 5,00 euros.
- 2.5.- Por tramitación de expediente acreditativo da antigüidade das edificacións ou sobre incoación ou non de expediente de reposición de legalidade ou sancionador: 30,00 euros.
- 2.6.- Por tramitación de expediente de segregación, parcelación, agrupación e declaración de innecesariedade: 30,00 euros por parcela resultante ou previa á agrupación (non se computarán as parcelas resultantes destinadas a viais de cesión obrigatoria).
- 2.7.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable: 5,00 euros
- 2.8.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a: autorización ambiental integrada, avaliación de impacto ambiental ou as suxeitas a normativa de espectáculos: 15,00 euros.
- 2.9.- Tramitación de expedientes de prorrogas de licenzas: 10,00 euros.
- 2.10.- Tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico:
 - 2.10.1- Ámbitos con superficie de actuación <10.000m²: 600 €
 - 2.10.2- Ámbitos con superficie de actuación >10.000m²: 1.000 €
 - 2.10.3- Estudos de detalle: 150 €
- 2.11.- Expedientes de investigación de bens: 30,00€

Epígrafe 3. Documentos e expedientes relativos a servizos de contratación e concesións demaniais:

- 3.1.- Devolución de garantías constituídas por mor de calquera licitación municipal, por cada acto: 18,00 euros.
- 3.2.- Por formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 40,00 euros.

Epígrafe 4. Dereitos de exame:

- 4.1.- Prazas do Grupo A1/A2/B ou asimiladas: 15,00€
- 4.2.- Outras prazas: 5,00€

Epígrafe 5. Por copias de documentos illados dun expediente administrativo ou expediente completo.

- 5.1.- Copia de expediente completo: 70,00 €
- 5.2.- Copia de cada documento: 5,00€

Epígrafe 6. Tarifa reducida.-

Aplicarase unha tarifa reducida do 50% a aqueles contribuíntes nos que concorran algunha das seguintes circunstancias, debidamente acreditadas, a través da certificación correspondente outorgada polo departamento de Servizos Sociais:

- a.) Persoas en risco de exclusión social
- b.) Obte-lo beneficio de xustiza gratuíta, no que respecta ós documentos administrativos que orixinen o devengo da taxa que estean directamente relacionados no procedemento xudicial no que se declara o dereito.

Considerando o disposto no novo epígrafe 6 do artigo 7, e entendendo non aplicable o artigo 5 da antiga ordenanza, propónse a derogación do mesmo,

Considerando a tramitación seguida, e en uso das atribucións conferidas pola normativa de réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:
PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, coa derogación do artigo 5 e coa redacción do



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

novo artigo 7 que a continuación se recolle:

Artigo 7.- Tarifas.

Epígrafe 1. Certificados e informes:

- 1.1.- Certificacións de resolucións ou acordos municipais:
 - 1.1.1- Relativas ao último trienio: 4,00 euros.
 - 1.1.2- Anteriores ao último trienio: 8,00 euros.
 - 1.1.3- Anteriores a 1 de xaneiro de 1996: 10,00 euros
- 1.2.- Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais: 25,00 euros.
- 1.3.- Certificados ou volantes de empadramento:
 - 1.3.1- Anteriores a 01/05/1996: 3,00 euros.
 - 1.3.2- Posteriores a 01/05/1996: 2,00 euros.
- 1.4.- Informes de convivencia ou residencia: 1,00 euros.
- 1.5.- Outros informes ou certificados sen necesidade de informe técnico: 3,00 euros.

Epígrafe 2. Documentos e expedientes relativos a servizos de urbanismo:

- 2.1.- Por tramitación de expediente de declaración de ruína: 120,00 euros.
- 2.2.- Certificacións ou informes de cualificación ou clasificación urbanística: 30,00 euros.
- 2.3.- Por tramitación de expediente de actos de uso do solo ou subsolo suxeito a licenzia: 20,00 euros.
- 2.4.- Por tramitación de expediente suxeitos a intervención municipal de comunicación previa: 5,00 euros.
- 2.5.- Por tramitación de expediente acreditativo da antigüidade das edificacións ou sobre incoación ou non de expediente de reposición de legalidade ou sancionador: 30,00 euros.
- 2.6.- Por tramitación de expediente de segregación, parcelación, agrupación e declaración de innecesariedade: 30,00 euros por parcela resultante ou previa á agrupación (non se computarán as parcelas resultantes destinadas a viais de cesión obrigatoria).
- 2.7.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable: 5,00 euros
- 2.8.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a: autorización ambiental integrada, avaliación de impacto ambiental ou as suxeitas a normativa de espectáculos: 15,00 euros.
- 2.9.- Tramitación de expedientes de prorrogas de licenzas: 10,00 euros.
- 2.10.- Tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico:
 - 2.10.1- Ámbitos con superficie de actuación <10.000m²: 600 €
 - 2.10.2- Ámbitos con superficie de actuación >10.000m²: 1.000 €
 - 2.10.3- Estudos de detalle: 150 €
- 2.11.- Expedientes de investigación de bens: 30,00€

Epígrafe 3. Documentos e expedientes relativos a servizos de contratación e concesións demaniais:

- 3.1.- Devolución de garantías constituídas por mor de calquera licitación municipal, por cada acto: 18,00 euros.
- 3.2.- Por formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 40,00 euros.

Epígrafe 4. Dereitos de exame:

- 4.1.- Prazas do Grupo A1/A2/B ou asimiladas: 15,00€
- 4.2.- Outras prazas: 5,00€

Epígrafe 5. Por copias de documentos illados dun expediente administrativo ou expediente completo.

- 5.1.- Copia de expediente completo: 70,00 €
- 5.2.- Copia de cada documento: 3,00€



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Epígrafe 6. Tarifa reducida.-

Aplicarase unha tarifa reducida do 50% a aqueles contribuíntes nos que concorran algunha das seguintes circunstancias, debidamente acreditadas, a través da certificación correspondente outorgada polo departamento de Servizos Sociais:

a.) Persoas en risco de exclusión social

b.) Obte-lo beneficio de xustiza gratuíta, no que respecta ós documentos administrativos que orixinen o devengo da taxa que estean directamente relacionados no procedemento xudicial no que se declara o dereito.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: www.concellodelaxe.com.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.”

Tras breves intervencións optan por deixar esta proposta sobre a mesa para o seguinte Pleno co fin de poder estudar a posibilidade de introducir unha redución da tarifa do 99%

Non habendo máis intervencións, sométese a votación deixar o asunto sobre a mesa, estando todos a favor.

Polo tanto, ACÓRDASE deixar o asunto sobre a mesa para maior estudo.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 6 REGULADORA DE LA TAXA POR LA PRESTACIÓN DEL SERVICIO DE SUMIDOIROS. Expte. núm. 2024/G014/000001.

Dase lectura da seguinte proposta:

Proposta de Alcaldía

A ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros está en vigor desde o 1º de xaneiro de 1999 non sufrindo modificación ningunha desde aquela data.

Durante estes vinte e cinco (25) anos os costes necesarios para a prestación deste servizo sufriron un incremento considerable sen que os ingresos da taxa se actualizaran na mesma medida que os gastos.

Esto dou, como resultado que desde o punto de vista económico, desde hai varios exercizos este servizo é moi deficitario.

Para minimizar o déficit existente na recadación da taxa en relación cos gastos ocasionados pola prestación do servizo procede adecuar a cota tributaria, polo que se iniciou expediente de modificación da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

Unha vez elaborado o informe técnico económico para a determinación do custo do servizo dedúcese que:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

-os gastos necesarios para prestar o servizo de sumidoiros en 2023 ascenderon a 60.351,64 euros. Non se incluíron nestes gastos os costes de amortización nin se estimou unha previsión para gastos imprevistos de reparacións (en 2022 houbo que reparar unhas bombas sumerxibles no bombeo do peirao cuxo coste ascendi a 12.291,18 euros).

-os ingresos obtidos proceden do padrón de contribuíntes suxetos á taxa pola prestación deste servizo no 2023 e ascenden a 20.440,36 euros.

Resulta por tanto, que o servizo é moi deficitario, asumindo o Concello unha parte moi importante sobre o custo total da prestación do servizo.

Co incremento que se propón recadarianse 58.290,00 euros cos que se cubriría unha parte importante dos costes mínimos da prestación do servizo quedando un déficit estimado de 2.061,64 euros que asumiría o Concello ademais dos posibles gastos imprevistos que se poidan ocasionar como consecuencia de avarías nas bombas e outra maquinaria necesaria para a prestación do servizo.

Esta subida atende á necesidade de actualizar a taxa a cobrar co importe real do custo pola prestación do servizo e a que a mesma leva sen actualizarse desde hai 25 anos.

No que se refire á modificación do texto da ordenanza, tendo en conta o tempo transcorrido desde a última modificación (ano 1999) e que a maioría dos artigos deberían ser modificados na súa redacción optouse pola elaboración dun novo texto que se anexa a esta proposta de acordo.

Por tanto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza Fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, que quedará redactada nos termos que se indica no texto anexo a esta proposta de acordo.

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automáticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automáticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación."

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS considera que primeiro se debe mellorar o servizo e despois cobrar.

Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE manifesta que é esaxerado multiplicar por tres o custe e pregunta o motivo polo cal non se fixo o incremento de forma paulatina.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) resposta que son 30 €, que o sistema é deficitario



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

e que en 25 anos os prezos cambiaron.

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG felicita ao alcalde por modificar as taxas e di que está a favor do fondo pero non da forma. Di que é un incremento do 200% e que as competencias en saneamento as ten a Xunta de Galicia que non invertiu nin un so euro en Laxe.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que si se quere ser eficiente hai que actualizar as taxas.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 4 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza Fiscal número 6, reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, que quedará redactada nos termos que se indica no texto anexo a esta proposta de acordo.

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

7.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 8 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO CON MESAS E CADEIRAS CON FINALIDADE LUCRATIVA. Expte. núm. 2024/G013/000002.

Dase lectura da seguinte proposta:

“Proposta de alcaldía para a aprobación do establecemento e imposición dunha ordenanza fiscal reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

A sección 2ª do Capítulo III do Título I do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais establece a potestade dos Concellos de impoñer e ordear os tributos locais.

No artigo 20.3.I) establécese que as entidades locais poderán establecer unha taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

Como consecuencia da crise sanitaria vivida pola COVID-19 no exercizo de 2020 os distintos negocios e empresas adicados a hostalaría e restauración non puideron desenvolver con normalidade a súa actividade durante varios meses, coa conseguinte perda de ingresos, tendo ademais que afrontar novos gastos para a adopción de medidas de adaptación dos seus locais



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

e establecementos ás novas regulacións que lles impuxo aquela situación de pandemia sanitaria.

Para dar unha resposta á delicada situación destes establecementos e locais vinculados á actividade de hostalería e restauración en 2020, o Pleno da Corporación en sesión que tivo lugar o 28 de maio de 2020 aprobou a derogación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

Superados os motivos de crise sanitaria que deron lugar a dita derogación e constatada a normalización da situación sanitaria e económica considérase necesario aprobar o establecemento e imposición dunha ordenanza que regule a taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa cuxa proposta de texto se achega neste documento.

O texto que se propón para ser aprobado polo Pleno da Corporación ten como finalidade regular o aproveitamento especial do dominio público e establecer unha taxa por ese aproveitamento especial ou ocupación do dominio público con finalidade lucrativa.

As contías a ingresar polos suxectos pasivos establécense atendendo á temporalidade das ocupacións dos terreos de uso público segundo o momento do ano en que se produce, a duración da ocupación e os metros cadrados de superficie ocupada.

Fíxanse, por elo, tres períodos temporais distintos atendendo a que a afluencia de clientes aos locais vinculados á actividade de hostalería e restauración é distinta segundo a época do ano.

-para os períodos comprendidos entre os meses de xaneiro a maio e de outubro a decembro proponse unha contía de 0,10€/m² por día por considerar que estes períodos son de tempada baixa.

-para os meses de xuño e setembro a contía proposta é de 0,15€/m² por día por considerar que a afluencia neste período pode ser considerada de tempada media.

-para os meses de xullo e agosto proponse unha contía de 0,40€/m² por día por considerar este período de tempada alta.

Por tanto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente o establecemento e imposición da Ordenanza Fiscal número 36, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tabladros e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, que quedará redactada nos termos que se indica no texto anexo a esta proposta de acordo.

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.”

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, VELADORES E ELEMENTOS ANÁLOGOS

ARTIGO 1.- Fundamento e Obxecto

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 15 a 27 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a «taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e tabladros e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa» que estará ao establecido na presente



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Ordenanza fiscal.

ARTIGO 2.- Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible do presente taxa a ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tabladros e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

ARTIGO 3.- Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos da presente taxa, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, seguintes:

— Os titulares de licenzas ou concesións municipais e aqueles en cuxo beneficio redunde o aproveitamento ou utilización privativa do dominio público local.

— Os que, sen licenza ou concesión, realicen algún dos aproveitamentos incluídos nesta Ordenanza.

— Os que, cesando no aproveitamento, non presenten á Entidade local a baixa correspondente.

ARTIGO 4.- Responsables

Responderán da débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do artigo 35.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido, respectivamente, nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- Cota tributaria

1.- A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa sinalada de acordo coa contía contida no apartado seguinte, atendendo á temporalidade en que esta instálase (duración da ocupación e festividades ou momento do ano) e ao espazo ocupado (superficie en metros cadrados da instalación).

2.- As contías, para os supostos contemplados no artigo 20.3.l) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, quedan establecidas da maneira seguinte:

a.) Por cada metro cadrado de superficie ocupada con mesas, cadeiras e outros elementos:

a.1.- Meses de xaneiro a maio e de outubro a decembro: 0,10€/metro cadrado por día.

a.2.- Meses de xuño e setembro: 0,15€/metro cadrado por día.

a.3.- Meses de xullo e agosto: 0,40€/metro cadrado por día.

3.- Os efectos previstos para a aplicación do apartado anterior terase en conta o seguinte:

a) en consonancia co disposto no artigo 12, parágrafos 1 e 2 da ordenanza reguladora das licenzas de instalacións de terrazas,

a.1) o prazo de duración das licenzas das terrazas e elementos vinculados non poderá ser superior a catro anos nin inferior a un mes.

a.2) o prazo máximo solicitado polo interesado comprenderá algún dos seguintes períodos:

• Por anos naturais completos, isto é, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

• Por tempada, entendendo por tal o período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro do mesmo ano.

• Por un ou varios meses naturais completos e consecutivos, é dicir, do día 1 dun mes ata o último do mesmo mes ou doutro posterior.

Por razóns de interese público, debidamente motivados, poderá outorgarse a licenza por un período inferior ao solicitado, pero sempre dentro do establecido no apartado anterior.

b) se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

c) se como consecuencia da colocación de toldos, marquesinas, separadores, barbacoas e outros elementos auxiliares se delimita unha superficie maior á ocupada por mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

ARTIGO 6.- Exencións e Bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa, agás a prevista en normas con rango de lei ou as derivadas de aplicación dos tratados internacionais, resultando de aplicación, en todo caso, canto se dispón co artigo 9 da Lei Reguladora de Facendas Locais.

ARTIGO 7.- Deveno

A taxa devindicarase cando se inicie a utilización privativa ou o aproveitamento especial, áchese ou non autorizada, todo iso sen prexuízo da posibilidade de esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial, de conformidade co artigo 26.1 e 2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Procederá a devolución das taxas que se esixiron, cando non se realice o seu feito impositivo por causas non imputables ao suxeito pasivo, a tenor do artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

A tenor do artigo 24.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total do respectivo gasto de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

As Entidades Locais non poderán condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

ARTIGO 8.- Normas de xestión

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e nas demais Leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Os suxeitos pasivos da taxa estarán obrigados a presentar autoliquidación tributaria determinándose a cota tributaria atendendo á temporalidade da ocupación e á superficie en metros cadrados da instalación e a realizar o ingreso do seu importe no Tesouro facendo efectivo o pago da taxa a través das contas bancarias de que é titular este Concello. O pago da autoliquidación presentada será a conta da liquidación provisional e, no seu caso, da liquidación definitiva que se practique unha vez autorizada a ocupación do dominio público.

As cantidades esixibles con arranxo ás contías liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período autorizado.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar a correspondente licenza e realizar o correspondente ingreso e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Municipio.

Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias cas peticións de licencias. Se houbera diferencias, notificaranse as mesmas aos interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.-

Os aproveitamentos autorizaranse sempre discrecionalmente e sen prexuízo de terceiros.

En caso de denegarse as autorizacións ou cando por causas non imputables ó suxeito pasivo o dereito á utilización ou o aproveitamento do dominio público non se realice, procederá a



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

devolución do importe correspondente.

Non se consentirá a ocupación da vía pública ata que non se teña aboado o ingreso correspondente e se obteña a correspondente licenzia polos interesados. O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á non concesión da licenzia sen prexuízo do pago da Taxa e das sancións e recargos que procedan.

As autorizacións entenderanse concedidas con carácter provisional e a precario. En base a esta declaración, que deberá facerse constar nos correspondentes acordos de concesión das devanditas autorizacións, se o interés xeral esixise a supresión do aproveitamento, por Decreto de Alcaldía revogárase a licenzia concedida, requirindo ao titular para que suprima, a súa custa, o aproveitamento.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subalugadas a terceiros. O incumprimento deste mandado dará lugar á anulación da licenzia.

As licenzias poderán se revogadas polo órgano que as concedeu nos seguintes casos:

a.) Polo non uso ou uso indebido.

b.) Por cambiar as circunstancias en base ás que se lle concedeu a licenzia.

c.) se o interés xeral esixise a supresión do aproveitamento.

d) En xeral, por incumprimento de calquera das obrigas impostas nesta Ordenanza ou na licenzia de autorización.

Cando os suxeitos pasivos non tiveran aboado a correspondente autoliquidación pola taxa, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda e incoará o correspondente procedemento sancionador. Unha vez aprobada a liquidación polo órgano competente notificarase ao interesado indicando os medios de impugnación que poidan interpoñerse contra a devandita liquidación, os órganos ante os que terán que ser interpostos, o período voluntario de cobro e cando quedará incursa en apremio a cota non satisfeita.

O período voluntario de ingreso da liquidación será:

-Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.

-Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

Transcorrido o período voluntario de cobro sen terse efectuado o ingreso, o período executivo iníciase o día seguinte ao do remate de aquel.

O inicio do período executivo determina o devengo dun recargo do 20 por 100 do importe da débeda non ingresada, así como o dos xuros de demora correspondente a ésta.

Este recargo será do 10 por 100 cando a débeda tributaria non ingresada se satisfaga antes de que sexa notificada ao debedor a providencia de constrinximento, e non se esixirán os xuros de demora devengados dende o inicio do período executivo.

Dita liquidación efectuarase por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde estableza o Concello.

ARTIGO 9.- Infraccións e Sancións

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 10.- Lexislación Aplicable

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día _____, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de _____ e será de aplicación a partir de _____, permanecendo na



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

devandita situación até en tanto non se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.”

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS pregunta polo criterio para establecer as tarifas.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que fai referencia ao informe dos técnicos.

Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS-PODEMOS opina que é unha subida insuficiente e un agravio aos negocios que están na zona de Portos.

Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE di que non ten obxección pero quere facer dúas puntualizacións. A primeira é que levan un ano sen pagar e a segunda é que estenden as terrazas mais aló do que son as fachadas.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que a ordenanza anterior está derogada.

Francisco José Vidal Castro, integrante do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE di que ordenanza está suspendida pola COVID.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contéstalle de novo que a ordenanza anterior está derogada.

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG manifesa que lle parece unha taxa cara.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) manifesta novamente que está baseado no informe dos técnicos.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 7 [6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 4 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente o establecemento e imposición da Ordenanza Fiscal número 36, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa, que quedará redactada nos termos que se indica no texto anexo a esta proposta de acordo.

SEGUNDO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 (trinta) días, para que poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra ao mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do TRLRFL.

CUARTO.- O acordo definitivo, ou o provisional elevado automaticamente a definitivo e o texto íntegro da ordenanza fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia, non entrando en vigor en tanto non teña lugar dita publicación.

8.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 39 REGULADORA DA TAXA E USO DO SERVIZO DA PISTA MUNICIPAL DE PÁDEL. Expte. núm. 2024/G013/000006.

Dase conta da seguinte proposta:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

“Proposta de alcaldía para a aprobación do establecemento e imposición da ordenanza fiscal número 35, reguladora da Taxa e uso do servizo da pista municipal de pádel.

O concello de Laxe ven de ampliar as súas infraestructuras deportivas coa inauguración recentemente dunha nova instalación deportiva, unha pista de pádel descuberta. Trátase dunha pista normalizada para a práctica do pádel, de 20 m de longo por 10 m de ancho de superficie, que conta cun terreo de xogo formado por céspede artificial que descansa sobre unha lousa de formigón poroso e é perimetrado por un peche metálico e de vidro temperado para cumprir cos requisitos e regas desta modalidade deportiva.

A sección 2ª do Capítulo III do Título I do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais establece a potestade dos Concellos de impoñer e ordear os tributos locais.

No artigo 20.4.o) establécese que as entidades locais poderán establecer unha taxa pola prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas no caso de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos.

O establecemento e imposición dunha ordenanza fiscal reguladora do funcionamento para a nova pista de pádel é necesaria por varias razóns:

- Fomento do Deporte e a Saúde: ao establecer unha ordenanza fiscal que regule o uso da pista de pádel, pódese incentivar a práctica deportiva entre os veciños. Isto contribúe a mellorar a saúde e o benestar da comunidade, promovendo un estilo de vida activo.

- Mantemento e Mellora das Instalacións: cos ingresos obtidos a través da ordenanza fiscal, o concello pode asegurar o mantemento adecuado e a mellora continua da pista de pádel. Isto garante que as instalacións se manteñan en bo estado e sexan seguras para os usuarios.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma."

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG solicita unha aclaración con respecto ao Plan de tráfico.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) explica que é o custe do traballo para levar a cabo eses cambios.

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG solicita ser partícipe.

Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE manifesta que é preciso e espera que contén con eles e que se recollan as necesidades dos veciños e non dos turistas e mais dos ocasionais.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que cada vez vivimos mais do turismo.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 1 (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 13/2024, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercicio 2024 (prorrogado de 2022), que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 24/05/2024, que a continuación se indica:

Altas en aplicacións de gastos

A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicación		Descripción	Créditos iniciais	Créditos extraordinarios	Créditos finais
Progr.	Económica				
133	210.00	Ordenación tráfico e estacionamiento. Outros traballos realizados por empresas e profesionais. Cantidad necesaria para realización do proxecto de ordenación do tráfico urbano de Laxe.	0,00	30.000,00	30.000,00

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

160	609.00	Sumidoiros. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Proxecto de execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanela, todos eles da parroquia de Traba, neste Concello. Estas obras foron contratadas mediante Decreto de Alcaldía nº 1075/2023, de data 28/12/2023 por importe de 372.075,00 euros, presentándose unha reclamación por unha das empresas licitadoras que, unha vez estimada, implica dispoñer de maior crédito para continuar con esta licitación.	0,00	58.793,34	58.793,34
160	619.00	Sumidoiros. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Proxecto: Mellora das infraestruturas de saneamento e pluviais no casco urbano de Laxe. Actuacións na rede de saneamento e pluviais da vila de Laxe destinadas a resolver a canalización das augas pluviais de maneira separada..	0,00	126.458,61	126.458,61
1621	625.00	Recollida de lixo. Mobiliario. Cantidade necesaria para facer fronte á aportación municipal á solicitude de subvención efectuada á Dirección Xeral de Administración Local para equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural.	0,00	4.389,00	4.389,00
170	221.06	Admón. xeral de medio ambiente. Productos farmacéuticos e material sanitario. Cantidade necesaria para facer fronte ao gasto de subministros de produtos farmacéuticos e material sanitario para o servizo de socorrismo e salvamento da Praia de Laxe.	0,00	2.000,00	2.000,00
320	632.00	Admon. xeral de educación. Edificios e outras construcións. Aportación municipal para a concesión de subvención da Dirección Xeral de Administración Local para as obras de "Mellora da envolvente exterior da escola unitaria de Traba".	0,00	14.050,78	14.050,78

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

334	625.00	Promoción cultural. Mobiliario. Cantidade necesaria para facer fronte á aportación municipal á solicitude de subvención efectuada á Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, da Xunta de Galicia, concedida provisionalmente, para a actuación Salvagarda e difusión das coleccións do Museo do Mar de Laxe para o ano 2024.	0,00	2.500,00	2.500,00
334	632.00	Promoción cultural. Edificios e outras construcións. Aportación municipal á solicitude de subvención para "Continuación do proxecto de mellora da accesibilidade, acondicionamento e do equipamento técnico da Biblioteca municipal e do Salón de actos culturais Antón Zapata García".	0,00	6.618,50	6.618,50
450	227.06	Acceso a núcleos de poboación. Estudios e traballos técnicos. Aportación municipal ao Estudio integral da Rede viaria municipal. Subvención concedida por Agader.	0,00	2.100,00	2.100,00
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS			0,00	246.910,23	246.910,23

B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais antes este expediente	Suplementos de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
1531	619.00	Acceso a núcleos de poboación. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral. Aportación municipal Plan Mellora Camiños parcelas agrícolas 2024-2025. Subvención concedida por Agader.	86.478,55	10.089,80	96.568,35
160	213.00	Sumidoiros. Maquinaria, instalacións e utillaxe. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de reparacións, mantemento e conservación da maquinaria e instalacións do saneamento municipal.	3.000,00	2.400,00	5.400,00
160	221.00	Sumidoiros. Enerxía eléctrica. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de subministro de enerxía eléctrica da estación de bombeo e depuradoras municipais.	8.500,00	7.500,00	16.000,00

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

160	227.99	Sumidoiros. Outros traballos realizados por empresas e profesionais. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de reparacións e conservación da rede de saneamento municipal realizados por empresas e/ou profesionais.	3.000,00	3.000,00	6.000,00
161	227.99	Abastecemento de auga. Outros traballos realizados por empresas e profesionais. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto da prestación do servizo de abastecemento de auga potable a domicilio.	213.108,20	87.075,86	300.184,06
165	221.00	Alumeado público. Enerxía eléctrica. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de subministro de enerxía eléctrica para alumeados públicos.	131.487,79	33.512,21	165.000,00
165	227.99	Alumeado público. Outros traballos realizados por empresas e profesionais. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para a contratación do servizo de mantemento integral da instalación eléctrica da iluminación exterior, dos edificios municipais e demais instalación propiedade do concello e do alumeado navideño 2024/2025.	47.029,14	29.000,00	76.029,14
170	203.00	Admón. xeral de medio ambiente. Arrendamento, maquinaria, instalacións e utillaxe. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de aluguer de maquinaria para traballos de acondicionamento en praias e outras zonas medioambientais.	445,60	4.054,40	4.500,00
170	227.99	Admón. xeral de medio ambiente. Outros traballos realizados por empresas e profesionais. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de traballos realizados por empresas para o mantemento de zonas medioambientais.	4.500,00	6.500,00	11.000,00
231	227.99	Asistencia social primaria. Outros traballos realizados por empresas e profesionais. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto do servizo de axuda no fogar.	326.913,60	111.415,20	438.328,80

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

320	221.00	Adm. xeral de educación. Enerxía eléctrica. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de subministro de enerxía eléctrica para edificios escolares.	20.000,00	9.000,00	29.000,00
334	221.00	Promoción cultural. Enerxía eléctrica. Cantidade insuficiente no orzamento prorrogado de 2022 para este exercizo para acometer o gasto de subministro de enerxía eléctrica para edificios culturais.	2.200,00	4.500,00	6.700,00
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO			308.047,47		

RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	246.910,23
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	308.047,47
TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS	554.957,70

2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos seguintes termos:

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Concepto		
8	87	870.00	Remanente para gastos xerais	554.957,70
			TOTAL	554.957,70

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 13/2024, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2024 (prorrogado de 2022), por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 13/2024, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- .-A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

11.-MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS:**11.1 Moción presentada polo PSdeG-PSOE en canto á elaboración dunha ordenanza**



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

municipal para levar o control das operacións forestais que se desenvolven no concello. Expte. núm. 2024/G006/000012

O representante do PsdeG-PSOE, Francisco José Vidal Castro le a seguinte moción:

“Que debido aos traballos de extracción de madeira polas explotacións forestais, ademais das cortas que se fan para cumprir cos requirimentos da Xunta de Galicia, en relación coas faixas de protección en previsión de incendios forestais, os danos ocasionados nos camiños e pistas municipais por estes motivos téñense que reparar a cargo dos orzamentos do concello.

Así mesmo os traballos de explotación agrícola, en especial os relacionados co ensilado do millo que ocasionan danos nas vías de competencia municipal, provocando desperfectos e que quedan ateigadas de residuos que teñen que limpar os empregados municipais.

Na maioría dos concellos dispoñen de ordenanzas en relación a este asunto, que obriga aos responsables dos traballos de explotación forestal a depositar unha fianza necesaria para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, para a inclusión no pleno ordinario do 30 de maio de 2024, a seguinte

MOCIÓN:

Que se tomen os seguintes acordos:

Se redacte e se aprove unha ordenanza municipal para levar o control das operacións forestais que se desenvolvan no concello, que requira e obrigue ás empresas, así como ás persoas propietarias dos montes explotados, a presentación dun escrito de comunicación previa para informar da realización de actividades extractivas de madeira e depositar unha fianza, necesaria para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local. Así mesmo, que esta Ordenanza inclúa as actividades agrícolas realizadas con maquinaria pesada, como son os tractores para ensilado do millo.

Tómase como referencia e exemplo a Ordenanza municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo, vixente dnde 08/02/2017.”

Don Francisco José Castro Vidal, integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG-PSOE manifesta que non hai ordenanza neste sentido e non hai depósito ou fianza para responder do deterioro dos camiños que ocasionan as empresas e tamén os tractores para ensilado.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que en parte están a favor pero que non hai que meterse cos veciños que se adican o ensilado de millo e explica que casi está rematada unha ordenanza neste sentido.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

ABSTENCIÓNS: 0

Queda polo tanto rexeitada á moción proposta.

11.2 Moción presentada por UNIDAS-PODEMOS para que o centro social de Traba reciba o nome de José Luis Rabuñal, ornitólogo. Expte. núm. 2024/G006/000013. Expte. Núm. 2024/G006/000013.

O representante de UNIDAS-PODEMOS, Fernando del Moral Regaldíe le a seguinte moción:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

“MOCIÓN PARA QUE O CENTRO SOCIAL DE TRABA RECIBA O NOME DE JOSÉ LUIS RABUÑAL, ORNITÓLOGO.

D. Fernando Del Moral Regaldie, con DNI: 50863873V, con domicilio en Rúa Agra de Abaixo 10, C.P. 15117, con número de Telf: 626955544 e correo electrónico f.delmoral.regaldie@gmail.com, a efectos de notificación, como voceiro e concelleiro do grupo municipal de Podemos Laxe ao pleno do Concello de Laxe ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos para a súa votación e aprobación en sesión plenaria a seguinte MOCIÓN para a súa inclusión no pleno ordinario do 30 de maio de 2024.

EXPÓN

que partindo da importancia da lagoa de Traba e a súa contorna como uns dos lugares máis importantes de Europa a nivel ornitolóxico, xa que nel aniñan variedade de especies e tamén é un lugar de paso doutras que migran e elixen Traba como lugar de descanso na súa longa viaxe, e que nela, dende hai moitos anos, desenvolve a súa investigación un persoeiro que xa forma parte dela, Jose Luis Rabuñal Pardiñas, veciño noso. Pioneiro no estudo ornitolóxico deste espazo e responsable de poñer a lagoa de Traba no centro europeo como espazo natural singular e de un valor ornitolóxico sen parangón, e que grazas a el, a lagoa de Traba é hoxe un referente europeo, e Jose Luis, uns dos ornitólogos de referencia na Península Ibérica. Persoeiro dunha talla intelectual excepcional e dunha recoñecida amabilidade, humanidade e unha capacidade pedagóxica e divulgativa que moitísimos rapaces/as e adultos desfrutaron, desfrutan e desfrutarán ogallá durante moitos anos.

PROPÓN

Someter a votación que o Centro Social de Traba reciba o nome de Jose Luis Rabuñal Pardiñas, ornitólogo, en recoñecemento ao seu traballo.”

Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifesta que están a favor da humanización dos espazos pero consideran que a decisión lle corresponde á poboación de Traba.

Don Fernando del Moral Regaldie, integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS manifesta que é unha proposta en nome dos votantes que eles representan e di que a opción sería facer un referéndum.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que é o centro social dos veciños de Traba e sería como desvirtuar o centro.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 2 do Grupo Mixto [(Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

ABSTENCIÓNS: 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)

Queda polo tanto rexeitada á moción proposta.

11.3 Moción presentada por BNG Laxe en canto á modificar a Lei de Portos para eximir a concellos e entidades sen ánimo de lucro do pago pola utilización de



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

terreos portuarios. Expte. núm. 2024/G006/000014.

A concelleira do BNG de Laxe, María Cristina Vázquez del Prisco lee a seguinte moción:

“Exposición de motivos:

O Ente público Portos de Galicia ingresou no exercicio 2022 (último dispoñíbel na súa páxina), en concepto de “Canons-Concesións e autorizacións”, 2.889.364 euros. Este apartado é o segundo que máis ingresos correntes proporciona a esta entidade anualmente, despois da taxa X-4 por desembarco de pesca fresca (5.008.871 euros no 2022), e aporta un 16,9% ao total dos ingresos da xestión ordinaria de Portos de Galicia nese ano (17.062.216 euros).

Aínda que Portos non descompón cal é a cifra exacta correspondente ás concesións e cal ás autorizacións, o certo é que os concellos veñen abonándolle cantidades moi importantes pola utilización do dominio público portuario. Ademais das elevadas contías, os concellos tamén soportan a nefasta xestión de Portos en canto ao seu cobro. E así, recentemente, coñecemos que veñen de requirírselles as cantidades correspondentes aos dous últimos anos pola utilización do espazo portuario que, segundo Portos, sufriron retraso por mor de falta de persoal, un argumento que entendemos totalmente inxustificábel.

Todas as administracións, Portos de Galicia tamén, teñen mecanismos dabondo para a contratación de persoal e, polo tanto, para non actuar en detrimento e causar prexuízos aos/ás administradxs, neste caso aos concellos e, noutras ocasións, como xa ten ocorrido, aos/ás profesionais.

E non só é o retraso e a acumulación de dúas anualidades. Tamén erros non menores nas liquidacións, que requiren de explicacións e de maior claridade e transparencia nas mesmas.

O BNG vén insistindo no máis que evidente afán recadador da Lei de Portos de Galicia, as tarifas abusivas que se cobran

pola realización de actividades en terreo público portuario que, na maioría dos casos, tamén en Laxe, correspóndese con espazos integrados na trama urbana dos concellos e onde son estes os que se encargan da súa limpeza e mantemento durante todo o ano.

As múltiples actividades inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados, deben pagar unhas taxas excesivas para poder levarse a cabo. A inmensa maioría realízanse en espazos urbanos que, malia estaren baixo a titularidade de Portos, nada teñen que ver coa actividade portuaria nin Portos contribúe en nada ao seu mantemento máis básico.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de LAXE presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta **moción**, propoñendo a adopcións dos seguintes **ACORDOS**:

1. Solicitar ao goberno da Xunta de Galicia:

A) A non aplicación dos artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, ás autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, de xeito que queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no dominio público portuario.

B) Volver reclamar, como xa foi aprobado por esta Corporación por unanimidade en repetidas ocasións a instancias do BNG, a transferencia da titularidade do tramo urbano da Rúa Rosalía de Castro de Laxe que segue a ser da administración portuaria.”

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS-PODEMOS pregunta que entidades sen ánimo de lucro e que actividades.

Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifesta que por exemplo unha comisión de festas.

Don Fernando del Moral Regaldíe, integrante do Grupo Mixto e representante de UNIDAS



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

PODEMOS manifesta o seu desacordo por consideralo como unha competencia autonómica e di que é unha ilegalidade que se pida a non aplicación.

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG contéstalle que a non aplicación dos artigos da lei é o mesmo que a derogación.

Tras breves intercambios de impresións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 5 [3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 7 (6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS))

ABSTENCIÓNS: 0

Queda polo tanto rexeitada á moción proposta.

11.4 Moción presentada polo BNG Laxe en canto ó Plan Extratéxico para o verán de 2024.Expte. núm. 2024/G006/000014.

A concelleira do BNG de Laxe, María Cristina Vázquez del Prisco lee a seguinte moción:

“Exposición de motivos:

Laxe foi recoñecido como concello de interese turístico galego no ano 2007, distinción ben merecida que se chegou a conseguir ao cumprirse os requisitos establecidos para esta declaración, que teñen que ver coa alta afluencia de visitantes, os atractivos turísticos do destino e os servizos públicos dispoñibles como a rede de sumidoiros, recollida de lixo, seguridade e protección civil, ordenamento urbanístico, información turística e protección do contorno natural.

Mais ano tras ano estes servizos públicos foron perdendo a súa efectividade e amosanse insuficientes, ademais de que o concello ten un grave problema de saturación de coches e de falta de aparcamento, que soportan os veciños e as veciñas desde hai anos. Os problemas de tráfico, estacionamento e accesibilidade ás beirarrúas son unha molestia para toda a veciñanza.

Así mesmo a programación cultural foi perdendo forza e ambición, acabando con programas como o “A pé de rúa” ou cambiando de ubicación actividades tan senlleiras xa como o “Solpor poético” da Praia dos Cristais, así como tamén se perderon algúns programas de dinamización turística, nomeadamente o reLAXEse.

Os servizos dos nosos areas esperan a estar funcionando á chegada da bandeira azul, cando antes e despois somos moitos veciños, veciñas e visitantes os que xa tentamos desfrutar das nosas praias.

Non podemos esquecer que o turismo é un dos motores económicos do noso concello do que dependen moitas familias, negocios de hostelería e comercio, beneficiando de xeito transversal á toda a nosa comunidade.

Toda esta situación fai que sexa necesario que o concello artelle un plan estratéxico para preparar a vila e as parroquias para a chegada do verán e dos numerosos visitantes que se esperan.

*Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de LAXE presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta **moción**, propoñendo a adopcións dos seguintes **ACORDOS**:*

1. **ÁREA DE LIMPEZA:**



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- a. *Plan de desbroce e limpeza da maleza de todas as zonas verdes, merendeiros, áreas de recreo, camiños, etc, no casco urbano e nas parroquias*
 - b. *Reforzar o servizo de limpeza. Baldear as rúas para unha limpeza profunda no casco urbano e nas parroquias antes e despois da tempada de verán.*
 - c. *Lavado e desinfección dos contedores de lixo unha vez ao mes. Renovación daqueles que estean en mal estado.*
 - d. *Recollida de lixo diaria durante a tempada de verán.*
 - e. *Reposición do mobiliario urbano deteriorado*
 - f. *Retirada das terrazas dos locais pechados durante anos*
 - g. *Arreglo dos baños de uso público*
 - h. *Coidado especial das rutas de sendeirismo homologadas.*
2. **ÁREA DE TRÁFICO E ORDENACIÓN**
- a. *Reordenar a circulación no casco urbano*
 - b. *Sinalizar todas as prazas de aparcamento. Pintar no chan as prazas habilitadas onde se podería aparcarse, en función do bo desenvolvemento do tránsito rodado, e sempre co visto bo da Policía Local, sancionando a quen non estea aparcado nas mesmas.*
 - c. *Habilitar aparcamentos realmente disuasorios e que cumpran cos todas as medidas legais e de seguridade, mediante a sinatura de comodatos cos propietarios das fincas.*
 - d. *Instalación de bolardos para impedir o aparcamento nas rampas de acceso a persoas con mobilidade reducida e carriños de bebés.*
 - e. *Preservar o respecto polas prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida tamén durante as festas*
 - f. *Plan especial de tráfico nas festas patronais*
 - g. *Contar con persoal auxiliar de apoio á Policía Local.*
 - h. *Zona específicas para bicis, motos e caravanas*
3. **ÁREA DE TURISMO, ACTIVIDADES CULTURAIS E OUTROS SERVIZOS MUNICIPAIS**
- a. *Horarios de biblioteca e ximnasio ampliados e apertura diaria de luns a venres.*
 - b. *Servizos nos areas e piscina dende o mes de xuño: contedores de lixo, duchas, limpeza e renovación do mobiliario necesario.*
 - c. *Reposición dos carteis das praias: Soesto, Traba, Praia dos Cristais.*
 - d. *Transformación do Museo do Mar de Laxe no Museo da Fotografía Histórica de Galicia e apertura do recurso durante todo o ano.*
 - e. *Actualización da web de turismo*
 - f. *Recuperar os programas de dinamización turística que se perderon e sumar outros novos.*
 - g. *Apostar pola calidade en toda a oferta e programación cultural, con actividades específicas para público xuvenil.*
 - h. *Crear campañas de concienciación sobre o respecto polo noso entorno e patrimonio.*
 - i. *Recuperar as campañas de dinamización do comercio, e apoio á hostelería.”*

Don Fernando del Moral Regaldie, integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS maniféstase en desacordo. Di que é irreal e pregúntase se é electoralista.

Don Francisco José Vidal Castro integrante do Grupo mixto e representante de PSdeG-PSOE manifesta que se vai abster ao non estar de acordo con que sexa so para o verán.

Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifesta que estas liñas veñen para quedarse todo o ano e recalca a importancia da hostelería.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que non ten sentido propoñer isto a 30



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

de maio e que moitas destas cousas están por facer.

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG pregunta o motivo polo que se vinculan as duchas co servizo de socorrismo.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) contesta que a salitre acaba con elas.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja)

VOTOS EN CONTRA: 7 [6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) e 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)

Queda polo tanto rexeitada á moción proposta.

B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

12. DACIÓN CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
00193/2024	G003/000203	aprobación padróns saf febreiro 2024
00194/2024	G003/000198	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 21 DE MARZO DE 2024
00195/2024	G003/000204	APROBACIÓN DAS BASES DO IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA
00196/2024	G003/000205	ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR DE SERVIZOS SOCIAIS FEBREIRO
00197/2024	G003/000206	ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR ADMINISTRATIVA A.D.F. FEBREIRO
00198/2024	G003/000210	Reserva de instalacións: A.I.V.R.
00199/2024	G003/000209	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS DE SARCES CONSTITUÍDA EN NOVEMBRO DO ANO 2023
00200/2024	G003/000211	Reserva de instalacións: M.J.V.C.
00201/2024	G003/000213	Reserva de instalacións: N.V.R.
00202/2024	G003/000214	ABOO DE HORAS EXTRAORDINARIAS POLA REALIZACIÓN DE TRABALLOS FORA DO HORARIO NORMAL DE TRABALLO POLO PERSOAL LABORAL Expedientes 2023/X998/000232, 2024/X998/000023, 2024/X998/000027, 2024/X998/000028, 2024/X998/000053
00203/2024	G003/000215	Reserva de instalacións: G.V.D.
00204/2024	G003/000216	AUTOLIQUIDACIÓN TAXAS CORRESPONDENTES A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO E ACTUACIÓN EN EDIFICACIÓN/VIVENDA: OUTRAS ACTUACIÓNS QUE NON IMPLICAN CAMBIO DE TIPOLOXÍA, FORMA OU VOLUME NO LG DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO E CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL, LAX



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

00205/2024	2024/ G003/000197	Requirimento de documentación áos candidatos propostos. Proceso selectivo de 2 prazas de Operarios de servizos municipais. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
00206/2024	2024/ G003/000217	Acordo transferencia finalista financiamento servizos sociais comunitarios Plan Concertado 2024
00207/2024	2024/ G003/000199	Requirimento de documentación ás candidatas propostas. Proceso selectivo de 3 prazas de Auxiliar de axuda no fogar. Procedementos de estabilización de emprego temporal.
00208/2024	2024/ G003/000218	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2022 PARA 2024 POR INCORPORACION DE REMANENTES DE CRÉDITO DE 2023 A 2024 (COMPROMISOS DE INGRESO). alta saf libre concorrencia e padrón contribuíntes
00209/2024	2024/ G003/000220	alta saf libre concorrencia e padrón contribuíntes
00210/2024	2024/ G003/000221	alta padrón contribuíntes saf libre concorrencia
00211/2024	2024/ G003/000222	alta padrón contribuíntes saf libre concorrencia
00212/2024	2024/ G003/000224	alta saf libre concorrencia e padrón contribuíntes
00213/2024	2024/ G003/000223	ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DESTE CONCELLO
00214/2024	2024/ G003/000219	LIQUIDACIÓN TAXA POR RESERVA DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO
00215/2024	2024/ G003/000225	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE SERVIZO PARA INSERTAR PUBLICIDADE INSTITUCIONAL NO XORNAL LA OPINIÓN DE LA CORUÑA CO MOTIVO DO ESPECIAL DE TURISMO PARA A SEMANA SANTA 2024
00216/2024	2024/ G003/000226	PADRÓNS DE CONTRIBUINTES DO ABASTECIMENTO DE AUGA, CONSERVACION, ACOMETIDA E CONTADORES, CANON DE AUGA E COEFICIENTE DE VERTIDO, 1º TRIMESTRE 2024
00217/2024	2024/ G003/000227	APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCIZO 2023
00218/2024	2024/ G003/000228	APROBACIÓN DE LA FACTURA NÚM. 2249121, DE FECHA 21/03/2024 DE AR VISION 2049 SL DE SERVICIO DE APLICACION EN REALIDAD AUMENTADA CON GEOPOSICIONAMIENTO PARA LA DIGITALIZACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE LOS RECURSOS PATRIMONIALES Y TURÍSTICOS DEL AYUNTAMIENTO DE LAXE
00219/2024	2024/ G003/000229	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURA F/2024/8. OFI Nº 5/2024
00220/2024	2024/ G003/000230	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO SERVIZO DE APLICACIÓN EN REALIDADE AUMENTADA CON XEOPOSICIONAMENTO PARA A DIXITALIZACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS PATRIMONIAIS E TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE (subvencionado pola Axencia Turismo de Galicia no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU)
00221/2024	2024/ G003/000232	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DE VIVENDA SITA NA PRAZA DO AREAL, NÚM. 15, LAXE, FORMULADA POR E.P.C.
00222/2024	2024/ G003/000231	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS PADRÓNS DA TAXAS E PREZOS PÚBLICOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DUNHA VIVENDA SITA NA R/ ROSALÁ DE CASTRO, NÚM. 3, LAXE
00223/2024	2024/ G003/000233	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DUNHA VIVENDA SITA NA R/ FRANCISCO CANOSA NEMIÑA, N?M. 35, 1º IZQ., LAXE
00224/2024	2024/ G003/000234	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DE VIVENDA SITA NA R/ PLACER, 39, LAXE, FORMULADA POR L.C.R.
00225/2024	2024/ G003/000235	ELABORACIÓN E APROBACIÓN DE NÓMINAS DO MES DE MARZO
00226/2024	2024/ G003/000236	Tramitación conxunta PMH Marzo 2024
00227/2024	2024/	

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

24	G003/000238	
00228/20	2024/	Solicitud General a nombre de M.C.G. Solicita: Solicito tramitar el cambio de nombre de los tributos y tasas de basura y alcantarillado y de todos los impuestos municipales a los que esté obligada.
24	G003/000239	
00229/20	2024/	Solicitude Xeral a nombre de L.M.S.M.. Solicita: + A efectos de tramitar el alta del suministro de agua, se solicita el alta en el padrón de basura y alcantarillado de la vivienda situada en la calle Rosalía de Castr
24	G003/000240	
00230/20	2024/	SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS DE LOCAL SITO NA AVDA. ISIDRO PARGA PONDAL, NÚM. 25 BAIXO DOUS, LAXE
24	G003/000241	
00231/20	2024/	APROBACIÓN DO GASTO DE COMISIÓN BANCARIAS POLA XESTIÓN DE COBRO DOS RECIBOS DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, MES DE XANEIRO DE 2024.
24	G003/000243	
00232/20	2024/	SOLCITUDE DE ALTA NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SOLIDOS URBANOS DUNH VIVENDA SITA NA R(/ CANTÓN, NÚM. 19, 1ºH, LAXE
24	G003/000244	
00233/20	2024/	SOLICITUDE DE ALTA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS DUN LOCAL SITO NA AVADA. ISIDRO PARGA PONDAL, NÚM. 25, DOUS B, LAXE
24	G003/000242	
00234/20	2024/	Devolución de aval bancario por importe de 2.485,00 euros á empresa Julio Cundins Novoa. Obra: Obras de acondicionamento accesos á capela de Santa Rosa e ao Muiño do Vento, no Concello de Laxe.
24	G003/000245	
00235/20	2024/	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A S.V.M., PARA DESPRAZARSE Á EGAP EN SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA ASISTIR A UN CURSO SOBRE LICENZAS URBANÍSTICAS NO ÁMBITO LOCAL
24	G003/000247	
00236/20	2024/	Reserva de instalaciones: B.C.
24	G003/000246	
00237/20	2024/	DELEGACIÓN MATRIMONIOS CIVIS
24	G003/000249	
00238/20	2024/	ALTA TAXAS DE RSU E SUMIDOIROS DE P.S.B. EN RUA VILLA AMPARO, 55 - 1ºD EN LAXE
24	G003/000250	
00239/20	2024/	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICATIVO DA SUBVENCIÓN Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia concediu unha subvención para a contratación temporal, para o servizo Aprox rural, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 EXPEDIENTE: TR351G 2019/62-1
24	G003/000251	
00240/20	2024/	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA A ADQUISICIÓN DE TRES OVOS DE PASCUA DE CHOCOLATE COMO AGASALLO PARA OS/AS GANADORES/AS DO IV CERTAME DE OVOS DE PASCUA DO 2024
24	G003/000252	
00241/20	2024/	RESOLUCIÓN NOMEAMENTO GANADORES NO IV CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA
24	G003/000253	
00242/20	2024/	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/13
24	G003/000255	
00243/20	2024/	Aprobación das bases e convocatoria de selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns, durante 5 meses. Programa PEL-CONCELLOS 2024 da Deputación da Coruña
24	G003/000254	
00244/20	2024/	TRABALLOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE DE S.F.C.
24	G003/000256	
00245/20	2024/	concesión tarxeta estacionamento
24	G003/000257	
00246/20	2024/	AUTORIZACIÓN DE COMISIÓN DE SERVIZOS A P.M.R. PARA DESPRAZARSE A TALLERES INTURASA PÉREZ RUMBAO, SA
24	G003/000258	
00247/20	2024/	Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e lugar, data e hora para a valoración do concurso. Proceso selectivo de unha praza de Profesor de música (50% xornada). Procedementos de estabilización de emprego temporal
24	G003/000260	
00248/20	2024/	Aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e lugar, data e hora para a valoración do concurso. Proceso selectivo de 1 praza de Responsable das oficinas municipais de información xuvenil e turismo.
24	G003/000259	
00249/20	2024/	Procedementos de estabilización de emprego temporal
24	G003/000261	
00250/20	2024/	LIQUIDACION RETENCIONS PRIMEIRO TRIMESTRE IRPF 2024
		Designar Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde da obra



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

24	G003/000263	"Mellora do acceso e explanada exterior á igrexa parroquial de San Esteban de Soesto, no Concello de Laxe". Subvencionado polo Plan Único de Concellos POS+ 2023, da Deputación de A Coruña.
00251/20 24	2024/ G003/000264	Designar Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde da obra "Pavimentación de vías municipais no núcleo de Trasfontáns, parroquia de Serantes, Concello de Laxe". Subvencionado polo Plan Único de Concellos POS+ Adicional 2/2023, da Deputación de A Coruña
00252/20 24	2024/ G003/000266	COMISIÓN SERVIZOS DA TRABALLADORA SOCIAL D.A.C.
00253/20 24	2024/ G003/000262	APROBACIÓN GASTOS E ORDEN PAGO. RESOLUCIÓN PAGAMENTO DO PREMIO DA CATEGORÍA DE COMPARSA DO III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS. LaxEntroido 2024 A M.I.Q.T.
00254/20 24	2024/ G003/000268	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DE VIVENDA SITA NA R/ SOL, 35, LAXE
00255/20 24	2024/ G003/000269	LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE) 2024 PRIMEIRO TRIMESTRE
00256/20 24	2024/ G003/000271	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DUNHA VIVENDA SITUADA NA R/ CANTÓN ,NÚM. 19-3ºC LAXE, E OUTRA VIVENDA SITA NO LG. SOESTO DE ABAIXO, 21
00257/20 24	2024/ G003/000272	SOLICITUDE DE ACAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DUNHA VIVENDA SITA NO CAMIÑO DE BESUGUEIRA, NÚM. 3-1D, LAXE.
00258/20 24	2024/ G003/000270	APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE MARZO DE 2024
00259/20 24	2024/ G003/000277	EXPEDIENTE DE MC 09/2024 AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL POR INCORPORACIÓN DE REMANENTES
00260/20 24	2024/ G003/000275	APROBACIÓN DA APORTACIÓN MUNICIPAL AOS SEGUROS SOCIAIS DO MES DE MARZO DE 2024 (HORAS EXTRAORDINARIAS)
00261/20 24	2024/ G003/000265	NOMEAMENTO MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL
00262/20 24	2024/ G003/000274	RESOLUCIÓN ANULADA DE SOLICITUDE DE ESPECTÁCULOS A TRAVÉS DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2024
00263/20 24	2024/ G003/000278	Adxudicación contrato menor de obras para a "Mellora do acceso e explanada exterior á igrexa parroquial de San Esteban de Soesto, no Concello de Laxe". Subvencionado polo Plan Único de Concellos POS+ 2023, da Deputación de A Coruña.
00264/20 24	2024/ G003/000273	APROBACIÓN DA RELACIÓN FACTURA F/2024/14
00265/20 24	2024/ G003/000276	CONTRATO MENOR VESTIARIO AUXILIARES AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LAXE
00266/20 24	2024/ G003/000282	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/16 . CANON AUGA XUNTA
00267/20 24	2024/ G003/000280	DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE PAGA O IMPORTE DO 2º SEMESTRE DE 2023 IMPUTABLE AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SERANTES
00268/20 24	2024/ G003/000208	NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE
00269/20 24	2024/ G003/000207	DELEGACIÓN A CONCELLEIROS/AS
00270/20 24	2024/ G003/000267	RESOLUCIÓN DE PAGO DO PREMIO DA CATEGORÍA DE GRUPO DO III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS DO LaxEntroido 2024 A VARIAS PERSOAS INTERESADAS
00271/20 24	2024/ G003/000284	CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA NO LUGAR DE BOAÑO - TRABA
00272/20 24	2024/ G003/000283	SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DA TAXA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E SUMIDOIROS DUNHA VIVENDA SITA NA AVDA. CESÁREO PONDAL, NÚM. 78, 2ºC, LAXE, FORMULADA POR J.M.S.
00273/20 24	2024/ G003/000286	PAGO DE PREMIO DO V CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR: DILLO BEN BONITO EN LAXE 2024 A P.C.N.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

00274/20 24	2024/ G003/000287	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/18
00275/20 24	2024/ G003/000288	DECRETO LIQUIDACION IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE) 1 TRIMESTRE 2024
00276/20 24	2024/ G003/000290	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/17 . REC Nº 8/2024 . POR DECRETO
00277/20 24	2024/ G003/000289	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE ABRIL DE 2024
00278/20 24	2024/ G003/000291	DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES EN ÓRGANOS COLEXIADOS
00279/20 24	2024/ G003/000292	DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS
00280/20 24	2024/ G003/000293	APROBACIÓN DEL RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 5/2024. F/2024/10
00281/20 24	2024/ G003/000294	aprobación padróns SAF marzo 2024
00282/20 24	2024/ G003/000295	ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR DE SERVICIOS SOCIAIS. MES MARZO
00283/20 24	2024/ G003/000296	ASIGNACION COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR ADMINISTRATIVA A.D.V.
00284/20 24	2024/ G003/000298	Aprobación da certificación primeira da obra "Mellora de camiños rurais en Matío e As Virtudes, no Concello de Laxe" do Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024 e da factura núm. Emit-3 de Julio Cundins Novoa
00285/20 24	2024/ G003/000297	RESOLUCIÓN DE ANULACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 277/2024 DO 18/04/2024, DE APROBACIÓN DE GASTOS E PAGAMENTO DO PREMIO CORRESPONDENTE Á CATEGORÍA DE GRUPO DO III CERTAME PARTICIPATIVO DE ENTROIDOS DESTE LaxEntroido 2024
00286/20 24	2024/ G003/000302	COMISIÓN SERVICIOS TRABALLADORA SOCIAL 25/04/2024 D.A.C.
00287/20 24	2024/ G003/000303	COMISIÓN SERVICIOS XORNADA FORMACIÓN TRABALLADORA SOCIAL M.D.A.C.
00288/20 24	2024/ G003/000304	COMISIÓN SERVICIOS ASISTENCIA XORNADA FORMACIÓN DA EDUCADORA SOCIAL E.A.P.
00289/20 24	2024/ G003/000305	alta saf libre concorrencia e padrón contribuíntes
00290/20 24	2024/ G003/000308	APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/15 . OFI Nº 7/2024
00291/20 24	2024/ G003/000306	traballos en beneficio da comunidade
